

2. Obxecto do contrato.

a) Descrición do obxecto: organización e realización de catas concurso 2006 da Consellería do Medio Rural (lote 1: cata dos viños e cata dos augardentes. Lote 2: cata dos queixos e cata dos meles), de acordo cos pregos que rexen esta contratación.

b) División por lotes e número: 2 lotes.

c) Lugar de execución: o que se especifique no prego de prescricións técnicas.

d) Prazo de execución: o que se especifique no prego de cláusulas administrativas.

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: ordinaria.

b) Procedemento: aberto.

c) Forma: concurso público.

4. Orzamento base de licitación.

Importe total: 180.000 €.

Lote 1: 110.000 €.

Lote 2: 70.000 €.

5. Garantías.

Provisional: o 2% do orzamento de licitación de cada lote (lote 1: 2.200 €; lote 2: 1.400 €).

Definitiva: o 4% do orzamento de adxudicación de cada lote.

6. Obtención de documentación e información.

a) Entidade: Dirección Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria.

b) Domicilio: rúa dos Irmandiños, s/n, Salgueiriños.

c) Localidade e código postal: Santiago de Compostela, 15701.

d) Teléfono: 981 54 00 62.

e) Telefax: 981 54 00 18.

f) Data límite de obtención de documentos e información: ata a data límite de presentación das ofertas, todos os días laborables, excepto sábados, desde as 9.00 ás 14.00 horas.

Tamén se poderán obter os pregos relativos a esta contratación a través da internet no enderezo: <http://www.xunta.es/contratacion>.

7. Presentación das ofertas ou das solicitudes de participación.

a) Data límite de presentación: o prazo de presentación das ofertas empezará o día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia* e finalizará aos quince días naturais, ás 14.00 horas, a non ser que o último día fose sábado ou inhábil, caso no que se prorrogará o prazo ao primeiro día hábil seguinte.

b) Documentación que hai que presentar: a indicada no prego de cláusulas administrativas particulares.

c) Lugar de presentación: o único rexistro válido será o rexistro xeral da Consellería do Medio Rural (edificios administrativos de San Caetano, s/n, Santiago de Compostela) ou ben por correo dentro do prazo de admisión sinalado, conforme o disposto no artigo 80 do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.

d) Prazo no que o licitador estará obrigado a manter a súa oferta: tres (3) meses contados desde a data de apertura das proposicións.

8. Posibilidade de variantes.

Non se admiten.

9. Apertura das ofertas.

a) Entidade: sala de xuntas da Secretaría Xeral da Consellería do Medio Rural.

b) Domicilio: edificios administrativos San Caetano, s/n.

c) Localidade: Santiago de Compostela, 15781.

d) Data: terá lugar, en acto público, na sala de xuntas da Consellería do Medio Rural, o oitavo día hábil seguinte ao da finalización do prazo de presentación das ofertas, a non ser que fose sábado, caso no que se prorrogará o prazo ao primeiro día hábil seguinte.

e) Hora: 13.00 horas.

10. Gastos de anuncios.

O importe do anuncio será por conta do adxudicatario.

11. Esta contratación está enmarcada nas actuacións incluídas na medida número 8: prestación de servizos ás explotacións agrarias, comercialización de produtos agrarios de calidade e enxeñaría financeira (FEOGA-O) do eixo 7, agricultura e desenvolvemento rural, do programa operativo de Galicia 2000-2006.

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2006.

P.D. (Orde 12-8-2005)

Alberte Souto Souto

Secretario xeral da Consellería do Medio Rural

Edicto do 4 de abril de 2006, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, polo que se resolve o expediente de clasificación do monte Limpadoiro-Os Campos, A Fontiña, Cuellos-Penas do Castro, Tras da Aira, O Campo e Monte do Rego, por solicitude dos veciños da parroquia de Santo Estevo de Ribas de Sil do concello de Nogueira de Ramuín (Ourense).

En cumprimento do disposto no artigo 28 do Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10

de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e de conformidade co disposto no artigo 60.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, faise público que o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, en sesións que tiveron lugar con datas do 5 de maio de 2004 e 15 de marzo de 2006, adoptou a seguinte resolución:

Visto o expediente de clasificación como veciñal en man común do monte denominado Limpadoiro-Os Campos, A Fontiña, Cuvelos-Penas do Castro, Tras da Aira, O Campo e Monte do Rego, tramitado por solicitude dos veciños da parroquia de Santo Estevo de Ribas de Sil, resultan os seguintes:

Feitos:

Primeiro.-Con data do 24 de setembro de 1997 tivo entrada no rexistro da delegación provincial da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes en Ourense (hoxe Consellería do Medio Rural) escrito dirixido ao Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de varios veciños da parroquia de Santo Estevo de Ribas de Sil, concello de Nogueira de Ramuín, no que solicitan a clasificación como veciñal en man común do devandito monte a favor dos veciños da indicada parroquia.

Segundo.-Con data do 4 de novembro de 1997 o xurado provincial acorda iniciar o expediente de clasificación como veciñal en man común do referido monte, designando instrutor e procedendo a realizar as comunicacións e publicacións a que fan referencia os artigos 20, 21 e 23 do regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, abrindo un período dun mes para a práctica de alegacións.

Terceiro.-Na reunión que tivo lugar con data do 5 de maio de 2004 o xurado provincial pon en coñecemento dos veciños solicitantes que parte dos terreos dalgunha das parcelas están clasificados a favor doutra parroquia e o acordo acadado cos titulares de construcións existentes no perímetro obxecto de clasificación para excluílas do procedemento clasificatorio, e acorda clasificar o referido monte a favor dos veciños da parroquia de Santo Estevo de Ribas de Sil, e solicitar do Servizo de Montes e Industrias Forestais a elaboración do correspondente plano que incorpore as modificacións en superficie e estremas consecuencia do anterior.

Cuarto.-Con data do 15 de marzo de 2006 o xurado provincial examina e comproba o plano que describe as parcelas de acordo co levantamento topográfico realizado polo Servizo de Montes e Industrias Forestais e remitido o 18 de novembro de 2005, e acorda incorporalo ao expediente como documento definitivo, aprobando as modificacións introducidas, resultando a seguinte descrición:

Concello: Nogueira de Ramuín.

Monte denominado: monte Limpadoiro-Os Campos, A Fontiña, Cuvelos-Penas do Castro, Tras da Aira, O Campo e Monte do Rego.

Comunidade propietaria: veciños da parroquia de Santo Estevo de Ribas de Sil.

Superficie: 93,7 ha, aproximadamente.

Monte O Limpadoiro e Os Campos.

Superficie: 2,00 ha, aproximadamente.

Estremas:

Norte: estrada de acceso a Santo Estevo.

Sur: herdeiros de Manuel Rodríguez Mosquera, herdeiros de Manuel Pombar Fernández, Adelaida Pombar Rodríguez e monte Apeixón.

Leste: herdeiros de Juan Taboada e Arturo Villanueva Iglesias.

Oeste: herdeiros de Faustino Fernández, herdeiros de Isaac Fernández Álvarez, herdeiros de Josefa Iglesias, herdeiros de Manuel Fontevoa Arias, herdeiros de José Pombar Fernández e herdeiros de Celso Fernández.

Noroeste: herdeiros de José Fernández Campos e Josefa Pombar Lastra.

Sueste: herdeiros de Visitación Castro Fernández, herdeiros de Juan Antonio Fernández, herdeiros de Juan Losada, Benita Fernández González, José Manuel Soto Pombar e Manuel Losada Lastra.

En dirección oeste-leste atrávesao a estrada Ponte dos Gozos-Parada de Sil.

En dirección sur-norte tamén o atravesaa a estrada de acceso a Santo Estevo.

No perímetro deste monte existen as construcións seguintes: ao norte da estrada a Santo Estevo; vivenda de Manuel Pombar Iglesias; vivenda de Enrique Losada Lastra; vivenda e mesón de Celestino Pombar Lastra; vivenda de Antonio Pombar Lastra; corte con muro de Áurea Masiz Rodríguez, Armando Delgado López e Nemesio Pérez Fuentefría; corte con muro de Manuel Losada Lastra e Celestino Pombar Lastra; vivenda de Juan Losada Lastra; e ao sur da devandita estrada: antiga casa de pedra con muro ao redor, de herdeiros de Ramón Fernández Otero, herdeiros de Manuel Pombar Pérez e herdeiros de Eladio Fernández Torres.

Monte A Fontiña.

Superficie: 1 ha, aproximadamente.

Estremas:

Nordeste: estrada Ponte dos Gozos-Parada de Sil.

Sur: herdeiros de Higinio Robés Villanueva, herdeiros de Néstor Pombar Rodríguez, herdeiros de José Pombar Fernández e Vicenta Lastra Pombar.

Leste: herdeiros de Felisa Rodríguez, herdeiros de Eudisia Pombar Rodríguez e herdeiros de Higinio Robles Villanueva.

Oeste: Benita Fernández González, Leopolda Rivera González e herdeiros de Isaac Fernández Álvarez.

Monte Cuvelos e Penas do Castro.

Superficie: 2 ha, aproximadamente.

Estremas:

Norte: herdeiros de Bernardino Rodríguez, herdeiros de Remedios González Fernández e camiño Santo Estevo-Paradela.

Sur: herdeiros de Escolástica Iglesias, Manuel Gómez Pérez e herdeiros de Francisco Rodríguez Casanova.

Leste: Manuel Pombar Nóvoa, herdeiros de Enrique Rodríguez Prada, herdeiros de Fernando Fernández Pérez, herdeiros de Simón Gómez, herdeiros de Manuel González e herdeiros de Josefa Gómez Pombar.

Oeste: herdeiros de Remedios González Fernández.

Monte Tras da Aria.

Superficie: 0,2 ha, aproximadamente.

Estremas:

Norte: herdeiros de Melchor Gómez Fernández e Elías Gómez Gómez.

Sur: herdeiros de Aquilino González Rodríguez, Ovidio Torres Gómez, Amable Gómez Gómez e María Eugenia Fernández Soto.

Leste: herdeiros de Albino Fernández Gómez.

Oeste: camiño novo, Isaac Fernández Soto, María Eugenia Fernández Soto e Eugenio Fernández Gómez.

Monte O Campo.

Superficie: 1,5 ha, aproximadamente.

Estremas:

Norte: camiño a Santo Estevo-Paradela.

Sur: herdeiros de Remedios Fernández Gómez, herdeiros de Laureano Rodríguez e Amable Gómez Gómez.

Leste: herdeiros de Carolina Sánchez, herdeiros de Melchor Gómez Fernández e herdeiros de Remedios Fernández Gómez.

Oeste: herdeiros de Melchor Gómez Fernández.

Monte do Rego.

Superficie 87 ha, aproximadamente.

Estremas:

Norte: herdeiros de Fernando Fernández Pérez, herdeiros de Manuel Rodríguez, herdeiros de María Pérez Quinzán e *Iberdrola, S.A.*

Sur: herdeiros de Laureano Rodríguez, herdeiros de José Lorenzo e herdeiros de Severo Campos.

Leste: herdeiros de Pedro Pérez e herdeiros de Fernando Fernández Pérez.

Oeste: Comunal de Moura e Comunal de Nogueira.

A liña divisoria cos montes de Nogueira e Moura é a seguinte: parte do montecelo de Penas Altas, a carón da estrada Ponte dos Gozos-Parada de Sil, e segue en liña recta ata o montecelo Valdevaguas.

Desde este montecelo continúa en liña recta ata o montecelo Cabanas. Desde Cabanas baixa en liña recta polos montecelos de Penedos das Pasadas ata Laxa das Estreliñas, ao lado do río Sil.

Fundamentos de dereito.

Primeiro.-O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común é órgano competente para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter, de acordo co establecido no artigo 9 de Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Segundo.-De conformidade co disposto no artigo 1 da devandita lei: «son montes veciñais en man común ... os que, con independencia da súa orixe, das súas posibilidades produtivas, do seu aproveitamento actual e da súa vocación agraria, pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e se veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cotas polos membros daquelas na súa condición de veciños».

Terceiro.-É reiterada doutrina da Sala Contencioso-Administrativa do Tribunal Supremo que son dúas as notas características dos montes veciñais en man común: unha, o aproveitamento consuetudinario en man común e outra, a atribución da titularidade dese aproveitamento aos veciños integrantes dun grupo social determinado, independentemente da súa cualificación ou non como entidade administrativa; corresponde constatar o aproveitamento e atribuír a titularidade a favor do grupo social que o veña disfrutando ao Xurado Provincial de Clasificación.

Cuarto.-O carácter de monte veciñal en man común tense acreditado mediante os testemuños dos veciños solicitantes e as actuacións realizadas polo Servizo de Montes e Industrias Forestais, sen que durante a tramitación do procedemento se tivese producido reclamación ningunha de titularidade distinta, agás o acordo de exclusión de determinadas edificacións existentes no seu perímetro.

En consecuencia co que antecede, vista a Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, o seu regulamento, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro; o Decreto 562/2005, do 1 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural, e demais normativa legal e regulamentaria, o xurado provincial, por unanimidade dos seus membros,

RESOLVE:

Clasificar como monte veciñal en man común a favor dos veciños da parroquia de Santo Estevo de

Ribas de Sil (Nogueira de Ramuín) o monte Limpadoiro-Os Campos, A Fontiña, Cuvelos-Penas do Castro, Tras da Aira, O Campo e Monte do Rego, coa descrición reflectida no feito cuarto, de acordo co levantamento topográfico realizado polo Servizo de Montes e Industrias Forestais.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense no prazo dun mes, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao desta notificación, de acordo co disposto no artigo 12 da Lei 13/1989 (citada), nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Ourense, 4 de abril de 2006.

Xosé Rodríguez Cid

Presidente do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense

Edicto do 7 de abril de 2006, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, relativo á iniciación do expediente de clasificación como veciñal en man común do monte coa denominación de Costa da Reguega, a favor dos veciños de Marnotes e A Condomiña, parroquia de Campo, no concello do Irixo (Ourense).

O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense acordou, en sesión que tivo lugar no 15 de marzo de 2006, iniciar o expediente de clasificación como veciñal en man común do monte coas características que deseguido se relacionan:

Concello: O Irixo (Ourense).

Denominación do monte: Costa da Reguega.

Comunidade veciñal solicitante: veciños dos lugares de Marnotes e A Condomiña, parroquia de Campo.

Superficie: 5,00 ha aproximadamente

Estremas:

Norte: co monte de igual denominación pertencente aos veciños de Casares e Reguega, predios particulares de Manuel e Dolores Penedo Trigás, José Fox Nogueira, José A. e Purificación Pérez Rodríguez, José Prieto Pérez, Manuel Parada Pérez e irmáns, José Andrés Des Lema, Encarnación Cibeira Lois, Celia Conde Penedo, María Nogueira Casas e irmáns, irmáns González Penedo, Felisa Castro Novoa, Purificación Trigás Rivas e camiño.

Sur: estrada de Marnotes ao Irixo.

Leste: predios particulares de Eduardo Pájaro Penedo, Purificación Trigás Rivas e Edelmiro Pérez Ferradás.

Oeste: predios particulares de Edelmiro Ferradás Pérez, Isaura Gil Covela, Jesús Pérez López, José Manuel e Dolores Penedo Trigás, José Luis Penedo Iglesias, César Domínguez Carballeda, Felicitas Beltrán González, Paz e Manuel Domínguez Taboada, Delia Nogueira Ferradás, Plácido Penedo Iglesias e Renfe.

O que se pon en coñecemento de todos os interesados indicándolles que se abre un período dun mes para poderen examinar o expediente e efectuar as alegacións que coiden convenientes, así como presentar os documentos ou informacións que xulguen oportunas, de conformidade co disposto no artigo 23 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, polo que se aproba o regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Ourense, 7 de abril de 2006.

Xosé Rodríguez Cid

Presidente do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense

Edicto do 7 de abril de 2006, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, relativo á iniciación do expediente de clasificación como veciñal en man común do monte coa denominación de Costa da Reguega, a favor dos veciños de Casares e Reguega, parroquia de Campo no concello do Irixo (Ourense).

O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense acordou, en sesión que tivo lugar no 15 de marzo de 2006, iniciar o expediente de clasificación como veciñal en man común do monte coas características que deseguido se relacionan:

Concello: O Irixo (Ourense).

Denominación do monte: Costa da Reguega.


Comunidade propietaria: veciños dos lugares de Casares e Reguega, parroquia de Campo.

Superficie: 3,00 ha aproximadamente.

Estremas:

Norte: predios particulares de Camilo Domínguez Trigás, Manuel Trigás Lamas, Manuel Nogueira Ferradás, Manuel Ferradás Rodríguez, María Nogueira Caíña e irmáns, Anuncia Ferradás Conde e camiño.

Sur: co monte de igual denominación, pertencente aos veciños de Marnotes e A Condomiña e predios particulares de César Domínguez Carballeda.



MVMC DE SANTO ESTEVO DE RIBAS DE SIL

(PARCELAS: MONTE DO REGO, TRASDAIRA, CUBELÓS E PENAS DO CASTRO, O CAMPO E OUTRAS)

CONCELLO: NOGUEIRA DE RAMUÍN
 PARROQUIA: SANTO ESTEVO DE RIBAS DE SIL
 SUPERFICIE TOTAL: 93,79 HECTÁREAS


COORDENADAS UTM
 EQUIDISTANCIA ENTRE CURVAS 5 M
 SISTEMA DE REFERENCIA ED50

SETEMBRO DE 2005

LEENDA

- VÉRTICE GPS
- MVMC DE SANTO ESTEVO

Simbolo	Nome
○	Vértice GPS
■	MVMC de Santo Estevo
—	Linhas de divisoria de augas
—	Linhas de divisoria de parcelas
—	Linhas de divisoria de parroquias
—	Linhas de divisoria de concellos
—	Linhas de divisoria de municipios
—	Linhas de divisoria de comarcas
—	Linhas de divisoria de provincias
—	Linhas de divisoria de Galicia
—	Linhas de divisoria de España



O XEFE DA ÁREA DE PLANIFICACIÓN VEGETAL
 ASESOR: LUIS PÉREZ, SÉBASTIAO CADEA
 O TOPOGRAFO DO SERVICIO
 ASESOR: GUILLERMO A. VILLAS PERA



Iván Rodríguez Jiménez, secretario do Xurado Provincial de clasificación de montes veciñais en man común de Ourense

CERTIFICO:

Que na sesión do **9 de xullo de 2014** o Xurado adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

VI.- Con data 18 de outubro de 2012 o Servizo de Montes emitiu informe sobre un litixio entre o MVMC "Do Rego" e o MVMC "Limpadoiro, Os Campos, A Fontiña, Cuvelos-Penas do Castro, Tras da Aira, O Campo e Monte do Rego" (parroquia de San Estevo de Ribas do Sil), árbores dous no Concello de Nogueira de Ramuín. O conflito veu motivado pola inclusión no ano 2006 da parcela denominada "Monte do Rego" no expediente de clasificación realizado a favor da comunidade de Santo Estevo de Rivas do Sil, cando a citada parcela xa fora obxecto da pertinente clasificación a favor da parroquia de Moura. O informe do Servizo de Montes fai constar que se trata dunha clasificación imposible, tendo en conta que os terreos xa estaban clasificados, polo que a nova clasificación debería ser anulada. O Xurado entendeu por unanimidade que se trata dun erro material, o cal de acordo coa Lei 30/1992 pode ser anulado en calquera momento, polo que procede rectificar a clasificación realizada polo Xurado con data 15 de marzo de 2006.

Achégase copia da resolución de data 22 de xullo de 2014, na que se estima a solicitude formulada pola CMVMC "Monte do Rego", anulando a clasificación da parcela "Monte do Rego" a favor da parroquia de Santo Estevo de Rivas de Sil, na parte coincidente coa clasificación de tales terreos xa realizada a favor da CMVMC "Monte do Rego".

E para que conste, aos efectos oportunos, expido a presente en Ourense a vintecinco de setembro de dous mil catorce.

Vº. e prace
O Presidente do Xurado

Yago Borrajo Sánchez





REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DA XEFATURA TERRITORIAL DO MEDIO RURAL DE OURENSE
OURENSE

Data 28/07/2014 14:37:50

SAÍDA 8454 / RX 670241



D. Manuel Pombar Nóvoa

Santo Estevo de Rivas de Sil (Nogueira
de Ramuín)

Ourense

O Xurado provincial de Montes Veciñais en man común, examinada a solicitude formulada pola CMVMC "Monte do Rego", adoptou a seguinte resolución, baseándose nos feitos e fundamentos de dereito que a continuación se expoñen:

FEITOS

Primeiro.- Con data 30 de marzo de 2009 D. Juan Miguel Muñoz Álvarez, como presidente da CMVMC "Monte do Rego", presentou escrito no que expuña que a citada comunidade tivera coñecemento da clasificación como veciñal en man común dunha parte do Monte do Rego a favor dos veciños da parroquia de Santo Estevo de Ribas de Sil. Polo que solicitaba que se revisara o linde por entender que había un erro na citada clasificación.

Segundo.- O Servizo de Montes da Xefatura Territorial de Ourense da Consellería de Medio Rural e do Mar informou o día 18 de outubro de 2012 dos seguintes aspectos:

- Con data 27 de abril de 1977 o xurado procedeu á clasificación do monte veciñal en man común denominado "Do Rego", pertencente á parroquia de Moura (excepto Fiscal), Fontes, Luíntra, A Seara de Arriba, Baldomar e Biduedo, no Concello de Nogueira de Ramuín.
- Con data 15 de marzo de 2006 o xurado procedeu á clasificación do monte veciñal en man común denominado "Limpadoiro, Os Campos, A Fontiña, Cuvelos-Penas do Castro, Tras da Aira, O Campo e Monte do Rego", pertencente á parroquia de Santo Estevo de Rivas de Sil, no Concello de Nogueira de Ramuín.
- A parcela denominada "Monte do Rego", pertencente á parroquia de Santo Estevo de Rivas de Sil, superponse na maior parte da súa superficie co monte veciñal en man común denominado "Do Rego".

O citado informe conclúe que a clasificación da parcela denominada "Monte do Rego", pertencente á parroquia de Santo Estevo de Rivas de Sil, foi realizada baseándose en datos aportados por persoas que non tiñan a representatividade necesaria, dando lugar a unha clasificación imposible, na medida en que os citados terreos xa estaban clasificados anteriormente a favor parroquia de Moura (excepto Fiscal), Fontes, Luíntra, A Seara de Arriba, Baldomar e Biduedo. Polo que a clasificación da parcela "Monte do Rego", a favor da parroquia de Santo Estevo de Rivas de Sil debería ser anulada.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Correspóndelle a competencia para examinar a referida solicitude o Xurado Provincial de



Montes Veciñais en man común, de acordo coas competencias que lle outorga a Lei 13/1989, de 10 de outubro, de montes veciñais en man común, e o Decreto 260/1992, de 4 de setembro, polo que se aproba o regulamento para a execución da Lei de Montes Veciñais en man común.

Segundo.- O artigo 30 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, determina os efectos da clasificación dun monte veciñal en man común, entre os que se atopa o feito de atribuírle a propiedade á comunidade veciñal correspondente, en tanto non exista sentenza firme en contra, ditada pola xurisdicción ordinaria.

Terceiro.- O artigo 105.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común determina que as Administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

No presente caso, e tal e como se fixo constar nos antecedentes de feito, os terreos obxecto de litixio xa foron obxecto de clasificación con data 27 de abril de 1977 a favor da parroquia de Moura (excepto Fiscal), Fontes, Luíntra, A Seara de Arriba, Baldomar e Biduedo. Polo que a clasificación levada a cabo polo Xurado o día 15 de marzo de 2006 a favor da parroquia de Santo Estevo de Rivas de Sil derivou dun erro material, o cal pode ser subsanado en calquera momento por parte do Xurado, tal e como determina o artigo 105.2 da Lei 30/1992.

De acordo cos feitos e fundamentos de dereito expostos, o Xurado Provincial en man común acordou por unanimidade o día 9 de xullo de 2014:

ESTIMAR a solicitude formulada pola CMVMC "Monte do Rego", anulando a clasificación da parcela "Monte do Rego" a favor da parroquia de Santo Estevan de Rivas de Sil, na parte coincidente coa clasificación de tales terreos xa realizada a favor da CMVCM "Monte do Rego".


Contra esta resolución, que pon fin a vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense no prazo dun mes, ou ben directamente recurso contencioso administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao desta notificación, de acordo co disposto no artigo 12 da citada Lei 13/1989, nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.



Ourense, 22 de xullo de 2014

O presidente do Xurado Provincial de Montes

Yago Borrajo-Sánchez





 Parroquia Moura (excepto Fiscal) etc. (Do Rego)  Santo Estevo Ribas Sil (Monte do Rego)

Escala 1:7.500. Proxección UTM, fuso 29 N. Datum ED50
Consellería do Medio Rural e do Mar. Xefatura Territorial de Ourense. Servizo de Montes